

BIDASOA 2018-2023

Fermin Muguruza, 2023

1182

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2023 | V.O.S.E. | +12 | 71 min

O control policial e peche dalgúns pasos da fronteira pirenaico-atlántica natural do Bidasoa que impuxo Francia no verán de 2018 para evitar a entrada dos migrantes en tránsito cara ao resto de países europeos, provocou 10 mortes nun ano. Sete persoas faleceron desde abril de 2021 afogadas nas augas do río Bidasoa entre Irún e Hendaia, e outras tres perderon a vida en outubro de 2021, atropeladas por un tren en Ziburu. Este documental, ademais de dar voz e poñer rostro a varias das activistas a un lado e ao outro do río, como representantes das asociacións Harrera Sarea (Rede de acollida) e Bidasoa Etorkinekin (O Bidasoa cos migrantes), tamén recorda aos que perderon a súa vida, poñendo nome, idade, travesía e soños, coñecendo a historia e as persoas que se esconden tras as frías cifras de falecidos, humanizando desta maneira a traxedia.



Poñer rostro

Por Javier Zurro

No 2018, Francia pechou os pasos fronteirizos con Euskadi na zona do Bidasoa. Un control migratorio que buscou a súa xustificación no aumento de atentados terroristas que fixo que as augas do río vasco se converteran nun pequeno Mediterráneo. Só no ano 2021, dez persoas perderon a vida intentando cruzar esa fronteira. Sete nas augas do río, outras tres arroladas por un tren. Ningunha delas abriu telexornais nin portadas de periódicos. Nun mundo onde os mortos no mar se contan por centenas, eles eran case unha nota ao pé. Non eran nin un número, nin un breve da última páxina da sección de sucesos.

Para Fermin Muguruza son moito máis que iso. (...) El ponlles rostro e conta a súa historia no documental *Bidasoa 2018-2023*, un traballo que se presentou no Festival de San Sebastián e no que busca poñer o foco nunha fronteira que ten menos peso aínda nas palabras dos políticos. Grazas á animación, revive aqueles que perderon a vida na fronteira do Bidasoa, pero tamén conta a labor das asociacións Harrera Sarea (Rede de acollida) e Bidasoa Etorkinekin (O Bidasoa cos migrantes).

A idea do seu traballo é que deixemos de pensar en termos de morte cando se mencionan palabras como Mediterráneo e Bidasoa. “É unha das consignas que había. Que isto non sexa un Mediterráneo, pero no sentido precisamente de que identificamos o Mediterráneo con fosa común, que é o que nós estamos intentando desmontar. Iso foi unha manipulación de moitos medios de comunicación. Aquí falan do río que mata, da trampa mortal. Imos intentar sacarnos iso”, conta e pide que mellor a xente pense na canción de Serrat que nas mortes que pesan sobre o mar.

Para cambiar o relato fai falta cambiar a linguaxe e para iso fai falta que haxa un cambio nos medios: “Os medios de comunicación están supeditados aos grandes grupos aos que pertencen e custa moito desmontar eses discursos que se van repetindo. O do río que mata é o que levamos cinco anos escoitando. O da trampa mortal dino ata os medios de esquerda.”

(..) Fermin Muguruza defínese como “pesimista pero activo”, aínda que segue crendo que “o cinema pode conseguir cousas”. “Por iso estamos aquí. O cinema é unha gran ferramenta. De feito, o cinema activista, como é neste caso este filme de denuncia, de guerrilla, de combate, é unha das grandes ferramentas que temos e que sempre tivemos desde que Bertolucci dixera que el filmaba *Novecento* (1976) como se tivese unha arma, ata o cinema actual. (...) *Le Havre* (Aki Kaurismaki, 2011) ensinábanos a humanidade da inmigración e ese é un pouco o obxectivo que temos tamén con este filme”, asegura.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El Havre,
Aki Kaurismaki.
Cameo [DVD]

Borderlands/ La frontera,
Gloria Anzaldúa.
Capitán Swing, 2016

Black is Beltza: Ainhoa,
Fermin Muguruza,
Harkaitz Cano.
Reservoir Books, 2022